

CAMPAMENTOS DE VERÁN

PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE

>> ANO 2026



XUNTA
DE GALICIA

Xacobeo  2027

XUNTA DE GALICIA

EDITA:

Xunta de Galicia

Consellería de Política Social e Igualdade
Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade
Santiago de Compostela | 2026

DESEÑO E MAQUETACIÓN:

Pablo Gulín Díaz | Empapelarte

TÁBOA DE CONTIDO

PERSOAS DESTINATARIAS	5
.....	
IDADES, DATAS, DESTINOS, ACTIVIDADE E PREZO	5
.....	
REQUISITOS	6
.....	
SERVIZOS OFERTADOS	6
.....	
MODELO DE SOLICITUDE E DE INFORME MÉDICO	7
.....	
PRAZO E LUGARES DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES	7
.....	
CUSTO DA PRAZA E BONIFICACIÓN	8
.....	
ADXUDICACIÓN E CONFIRMACIÓN DE ASISTENCIA	9
.....	
COMEZO E REMATE DA ESTADÍA	10
.....	
OBRIGAS DAS PERSOAS PARTICIPANTES	10
.....	
DEVOLUCIÓN DE COTAS	11
.....	
INFORMACIÓN	12
.....	

CAMPAMENTOS DE VERÁN **PARA PERSONAS CON DISCAPACIDADE**

>> ANO 2026

Estes campamentos ofertan unha estada socializadora e de convivencia entre todos os participantes nunha das residencias de ocio e tempo libre da Xunta de Galicia.

Ademais, este programa pretende servir como un instrumento de conciliación destinado ao descanso e apoio das familias, en moitos casos responsables do coidado directo das persoas participantes durante o resto do ano.

As actividades desenvolveranse durante un período de **10 días** e estarán dirixidas principalmente ao fomento das habilidades sociais, ao contacto coa natureza e o mar, ao coñecemento da propia cultura e á educación para a saúde.

Ofértanse **250 prazas** no Albergue Xuvenil Gandarío de Bergondo (A Coruña), na Residencia de Tempo Libre de Panxón, Nigrán (Pontevedra) e na Residencia de Tempo Libre do Carballiño (Ourense)



250
PLAZAS

10
DÍAS

PERSOAS DESTINATARIAS

Poden solicitar praza nos campamentos as persoas que teñan recoñecida a condición de persoa con discapacidade, cunha idade comprendida **entre os 11 e os 50 anos** e presenten calquera tipo de limitación e / ou necesidade especial.

IDADES, DATAS, DESTINOS, ACTIVIDADE E PREZO

IDADE	DATA	DESTINO	ACTIVIDADE	PREZO
De 11 a 14 anos	Do 13 ao 22 de xullo	Carballiño	Aventura na natureza	125€
	Do 22 ao 31 de agosto	Gandarío	Natureza xunto ao mar	
De 15 a 18 anos	Do 22 ao 31 de agosto	Gandarío	Natureza xunto ao mar	
	Do 3 ao 12 de setembro	Panxón	Natureza xunto ao mar	
De 19 a 25 anos	Do 3 ao 12 de xullo	Panxón	Natureza xunto ao mar	
	Do 13 ao 22 de xullo	O Carballiño	Aventura na natureza	
	Do 8 ao 17 de agosto	Gandarío	Natureza xunto ao mar	
	3 ao 12 de setembro	Gandarío	Natureza xunto ao mar	
De 26 a 50 anos	Do 3 ao 12 de xullo	Panxón	Natureza xunto ao mar	
	Do 3 ao 12 de xullo	O Carballiño	Aventura na natureza	
	Do 8 ao 17 de agosto	Gandarío	Natureza xunto ao mar	
	Do 3 ao 12 de setembro	Panxón	Natureza xunto ao mar	
	Do 3 ao 12 de setembro	O Carballiño	Aventura na natureza	
	Do 3 ao 12 de setembro	Gandarío	Natureza xunto ao mar	

REQUISITOS

- » Ter recoñecida unha porcentaxe de discapacidade igual ou superior ao 33 %.
- » Ter unha idade comprendida entre os 11 e os 50 anos. Ter cumprida a idade mínima establecida ao inicio da quenda e non superar a máxima ao seu remate.
- » Estar empadroados nalgún concello de Galicia.
- » Non padecer enfermidade transmisíbel con risco de contaxio.
- » Non alterar a convivencia durante o transcurso da actividade. Se as circunstancias o requiren, o equipo de traballo de cada quenda poderá ser reforzado con persoal adicional, en función das necesidades individuais de apoio de cada participante.
- » Ter unha capacidade mínima de comunicación e de participación nas actividades que se van desenvolver.
- » Ter unha mobilidade acorde coas características da instalación que solicita.

SERVIZOS OFERTADOS

- » Aloxamento en albergue ou residencia, segundo o destino solicitado.
- » Manutención en réxime de pensión completa.
- » Programa de actividades de animación sociocultural.
- » Material necesario para a actividade.
- » Equipo técnico de persoal especializado en animación sociocultural, actividades de tempo libre e náuticas.
- » Atención sanitaria de primeiros auxilios e seguro de accidentes.

PRAZO E LUGARES DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES



Prazo de presentación: desde o 20 de abril ata o día 5 de maio de 2026

MODELO DE SOLICITUDE E DE INFORME MÉDICO

Para participar nos campamentos deben de utilizarse os modelos oficiais de solicitude e de informe médico, accesibles na páxina web:



<https://politicassocial.xunta.gal/>

As solicitudes, acompañadas do informe médico, presentaranse **preferiblemente por vía electrónica** a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=PR004A>, dirixíndoas á Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social e Igualdade e indicando no asunto relacionado "CAMPAMENTOS DISCAPACIDADE 2026".

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario/a e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>).

Opcionalmente, poderanse presentar presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, dirixíndose ao seguinte enderezo:

Consellería de Política Social e Igualdade
Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade

Avda Fernando de Casas Novas, 35
 15781 Santiago de Compostela



CUSTO DA PRAZA E BONIFICACIÓN

As persoas participantes deberán **ingresar a cantidade establecida**, nos termos que se lle indiquen ao notificarlle a concesión da praza.

En todo caso, establécense unha serie de descontos, que en ningún caso son acumulables:

- » **50 %** para membros de **familia** que teñan o título de **numerosa**.
- » **50 %** para familias que teñan o certificado de recoñecemento da condición de **familia monoparental** expedido pola Consellería de Política Social e Igualdade.
- » **25 %** para as persoas usuarias do **Carné Xove**. Para poder aplicar o desconto, a persoa beneficiaria deberá ser titular do Carné xove, vixente, no momento de efectuar o pagamento.

No caso de acollerse a algunha destas condicións terase que acompañar coa solicitude o documento acreditativo (copia do título de familia numerosa, do documento acreditativo da condición de familia monoparental ou do carné xove en vigor, segundo proceda).

ADXUDICACIÓN E CONFIRMACIÓN DE ASISTENCIA

As solicitudes serán valoradas por unha comisión composta por representantes da Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade, de acordo cos seguintes **criterios**:

- » Participación no programa en anos anteriores.
.....
- » Lugar de residencia.

Terán preferencia as persoas que:

- » Non participasen neste programa nos dous anos anteriores a esta convocatoria (anos 2024 e 2025).
.....
- » Residan habitualmente no domicilio familiar.

No caso de empate, a adxudicación das prazas farase por orde de entrada da solicitude.

A comisión de valoración deberá revisar que os solicitantes cumpran os requisitos mencionados para poder participar nos campamentos e actividades de ocio e tempo libre que se van desenvolver.

As persoas seleccionadas comunicarán no prazo máximo de 5 días hábiles, contados desde o seguinte ao da recepción da notificación, a aceptación ou renuncia á praza no modelo que se lles facilite para o efecto.

COMEZO E REMATE DA ESTADÍA

A incorporación á instalación na que se vai levar a cabo o campamento será por conta da persoa interesada o día de inicio da quenda correspondente, **entre as 16.00 horas e as 19.00 horas**; fóra dese horario non se admitirá a ningún.

Ao remate da quenda, ou no suposto de abandono da actividade antes de que finalice, será responsabilidade dos pais/nais ou titores/as legais a recollida e traslado da persoa participante ao seu domicilio, así como os gastos que por tal causa se ocasionen.

OBRIGAS DAS PERSOAS PARTICIPANTES

- » Incorporarse á actividade e regresar polos propios medios e nos prazos establecidos.
- » Non abandonar a actividade sen a autorización por escrito da persoa responsable.
- » Respetar as normas establecidas polo persoal responsable da actividade, as normas de réxime interior das respectivas instalacións e, en xeral, as establecidas pola lexislación vixente na materia.
- » Abandonar a actividade acompañado dos seus responsables, no caso de non adaptarse ás condicións que se requiren para o desenvolvemento do campamento, tanto as derivadas da actividade en si como as da súa propia actitude, ou de darse circunstancias que impidan o transcurso da estadía co resto dos compoñentes do grupo.



DEVOLUCIÓN DE COTAS

Se unha vez obtida a praza e aboado o prezo correspondente, a persoa interesada non puidese asistir á actividade, só terá dereito á devolución deste, nos casos e polas causa seguintes:

- a.** Renuncia á praza comunicada por escrito sempre e cando solicite a devolución da cantidade aboada polo menos 7 días hábiles antes do inicio da actividade.
- b.** Anulación da actividade ou non prestación do servizo por causas non imputables á persoa interesada.
- c.** Ingreso hospitalario, causa médica grave que afecte a persoa con discapacidade e lle impida incorporarse ao campamento, que deberá acreditarse con informes médicos e/ou do hospital no que estea ingresado a persoa con discapacidade.
- d.** Falecemento ou enfermidade grave dun familiar de ata 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde estea ingresado o familiar ou co certificado de defunción, de ser o caso.
- e.** Abandono da actividade por calquera dos motivos recollidos na letra c), sempre e cando non teña transcorrido máis do 50 por cento dos días de duración do campamento.

Serán denegadas todas aquelas solicitudes de devolución de cota que non sexan presentadas coa antelación mínima sinalada no apartado a), cando non concorran ningunha das causas antes citadas.



INFORMACIÓN

- » Para información sobre a xestión do programa, a remisión de documentación, a valoración de solicitudes e a adxudicación de prazas



Pódense dirixir ao Servizo de Programas para a Discapacidade, da Dirección xeral de Persoas con Discapacidade, teléfonos:

981 547 399 | 981 544 640

programas.discapacidade@xunta.gal

- » Para información xeral:

Ao número **900 333 666** do Teléfono Social de forma gratuíta.

TELÉFONO SOCIAL
900 333 666

- » Aos servizos de Dependencia e Autonomía Persoal das xefaturas territoriais situados en:

A CORUÑA

Rúa Concepción Arenal, nº 7-9, 15006, A Coruña.
Teléfono **881 881 528**

LUGO

Rúa Serra de Ancares, nº 68 baixo, 27003, Lugo.
Teléfono **982 889 132**

OURENSE

Rúa Sáenz Diez, nº 33, 32003, Ourense.
Teléfono **988 386 928**

VIGO

Rúa Concepción Arenal, nº 8, 1º andar, 36201, Vigo.
Teléfono **886 218 265**

- » Aos servizos sociais comunitarios dos concellos

- » Aos servizos sociais dos centros sanitarios

